



**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 18 de maio de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

**2.- CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE A CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIIS NO TERCEIRO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 8521/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 16/05/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

**ANTECEDENTES**

En data 4 de maio de 2017, a Xunta de Goberno Local (en diante, XGL) aprobou o expediente de contratación relativo ao procedemento aberto das obras para a execución dos murais do terceiro programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública, que inclúe os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen o mesmo.

Detectouse un erro material nas fórmulas previstas no apartado 8.B.1 das Follas de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento. En concreto, omitiuse o primeiro rango de valoración e no segundo e no terceiro hai números incorrectos

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa, advertiuse un erro material nas fórmulas previstas no apartado 8.B.1 das Follas de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 18/05/2017 14:06

Páxina 1 de 3

Expediente 8521/307

Código de verificación: 25EA4-83D25-8DA35-CEE23

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

- Omitiuse o primeiro rango de valoración que é:
  - a) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre :  $0,8*Be < Bi \leq Be$

$$Pe = 67 + 3 * \left( \frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

- Na segunda fórmula resulta preciso substituír “58 + 7” por “62+5”.
- Na terceira fórmula resulta preciso substituír 58 por “62”.

**Segundo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

#### ACORDO

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Rectificar as fórmulas previstas no apartado 8.B.1 das Follas de especificacións (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto de . A redacción das citadas fórmulas sería:*

- a) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre :  $0,8*Be < Bi \leq Be$

$$Pe = 67 + 3 * \left( \frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

- b) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55*Be < Bi \leq 0,8*Be$

$$Pe = 62 + 5 * \left( \frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

- c) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0*Be \leq Bi \leq 0,55Be$

$$Pe = 62 * \left( \frac{Bi}{0,55 * Be} \right)$$

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 8521/307

Data impresión: 18/05/2017 14:06

Páxina 2 de 3

Código de verificación: 25EA4-83D25-8DA35-CEE23

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



|                                                                                                                                                                                                                      |                                                 |               |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|---------------|
| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo                                                                                                                                                                       | Data impresión: 18/05/2017 14:06                | Páxina 3 de 3 |
| Expediente 8521/307                                                                                                                                                                                                  | Código de verificación: 25EA4-83D25-8DA35-CEE23 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                                 |               |